

**PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE
CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN OITO PRAZAS
DENOMINADAS PSICÓLOGO/A, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA
TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A - SUBGRUPO A1, CORRESPONDENTE Á
OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 (BOP núm. 198, do 29.08.2025)**

1. IDENTIFICACIÓN ASPIRANTES TERCEIRO EXERCICIO

O presidente do Tribunal procede a apertura pública do sobre que contén as tarxetas co número de control e a identificación das persoas participantes no terceiro exercicio do proceso selectivo, resultando tal e como se sinala a continuación:

Nº CONTROL	APELIDOS E NOME
01	ARES DÍAZ, TANIA
02	LÓPEZ GONZÁLEZ, SONIA
03	ANDIÓN MARIÑO, PATRICIA
04	RUBIÑOS LÓPEZ, MARÍA CARMEN
05	ZAS LATAS, INÉS
06	GRANDÍO MOIRÓN, VERÓNICA
07	FERNÁNDEZ VARELA, PATRICIA

2. APERTURA DO PRAZO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición e ao obxecto de realizar a fase de concurso, as persoas aspirantes que superaron a fase de oposición, deberán acreditar documentalmente os méritos relacionados na súa solicitude de participación, tal e como se sinala para cada un dos apartados do baremo que figura na base específica 8.

Para realizar as acreditacións de méritos, as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou compulsados.

Se os méritos non se acreditan tal e como sinalan as bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

2.1 . Prazo de presentación

O prazo será de dez días hábiles a contar dende o seguinte o da publicación do presente anuncio na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo.

2.2. Lugar de presentación

A través da sede electrónica da Deputación de Lugo accedendo á Catálogo de Servizos - Recursos Humanos-Procesos Selectivos – Acreditación de Méritos.

Dentro do procedemento de Acreditación de Méritos, poderase acceder á Ficha de Acreditación de Méritos a través da cal deberá revisar, actualizar e incorporar as acreditacións da documentación relacionada.



Na seguinte ligazón poderá acceder a súa ficha de acreditación de méritos, revisala e actualizala (recorde descargala en PDF e subila ao expediente): [Ficha Acreditación Méritos](#)

Deberase ter en conta que os documentos incorporados deben contar con sinatura dixital ou compulsa dixital, de xeito que se poida verificar a integridade e orixe do documento.

Unha vez finalizado o dito proceso, deberá descargar a Ficha de Acreditación de Méritos en formato PDF e incorporala no procedemento de Acreditación de Méritos para a súa sinatura e rexistro.

A certificación acreditativa dos servizos prestados na entidade incorporárase de oficio á Ficha de Acreditación de Méritos.

No suposto de que sexa necesario realizar compulsas de méritos, deberán achegarse ao Rexistro Xeral da entidade, con cita previa (982 260 030) cos documentos orixinais, o cal devolverá por correo electrónico os mesmos con cotexo dixital.

De conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Unidade de Rexistro prestará asistencia ás persoas interesadas para facilitar a presentación electrónica da documentación e a correcta cumprimentación deste trámite, a través dos medios e canles habilitados para tal fin.

A secretaria do Tribunal,

	IV76YKBIJ4K4T562JWDH4BTOY	Fecha y Hora	13/08/2026 16:48:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ (SECRETARIO-INTERVENTOR)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YKBIJ4K4T562JWDH4BTOY	Página	2/2	